

Unha iniciativa digna de eloxio

Editorial Tempo Exterior, nº 6 primeira época

O Consello da Xunta de Galicia, en sesión celebrada o pasado 17 de xullo de 1998, aprobou o “Programa Cuatrienal de Acción Exterior de Galicia”. Trátase dunha iniciativa política que con independencia das súas lagoas, imperfeccións e mesmo das lexítimas discrepancias que naturalmente pode e debe suscitar, ha de ser avaliada moi positivamente. O Programa constitúe un documento exhaustivo que ademais de inventariar rigorosamente o estado da nosa acción exterior, por primeira vez dende o comezo da andaina autonómica, incorpora unha clara toma de conciencia sobre a crecente importancia do factor exterior para o desenvolvemento das políticas internas. Así, o Programa chama a atención sobre a necesidade de que o conxunto da Administración e dos poderes públicos tomen conciencia da necesidade de incorporar a variable exterior nas súas actuacións, de evitar a dispersión, de coordinar, converxer e planificar as diferentes integrantes que poden contribuir ó reforzamento da proxección exterior de Galicia. Se efectivamente pode dicirse que nunca é tarde, cabe igualmente sinalar a oportunidade no momento actual deste documento.

Polo seu contido, calado, e mesmo o claro posicionamento que adopta en relación a temas polémicos (vencellos entre a cooperación ó desenvolvemento e os intereses económico-empresariais, por exemplo) ou as chamativas ausencias en relación a áreas comúns e de grande importancia para Galicia (caso de Cuba), o Programa Cuatrienal de Acción Exterior de Galicia non merece pasar inadvertido nin pola opinión pública en xeral, nin polas diferentes entidades que na sociedade civil galega reflexionan sobre estas cuestións, nin, por suposto, entre as forzas políticas. Merece un amplo debate e unha reflexión que nos permita como colectividade interiorizar as inmensas posibilidades que se nos abren neste eido da actuación política nos próximos anos, non soamente como consecuencia dunha interpretación constitucional moito máis flexible e aberta, certamente alonxada daquelas primeiras atribucións de exclusividade á Administración central de todo canto afectaba ó ámbito internacional, senón sobre todo pola urxencia de acompañar eficazmente os vertixinosos cambios que se están a producir no mundo actual. Máis dunha vez temos insistido dende o IGADI sobre a conveniencia de que Galicia, dende o universalismo e a procura da satisfacción das nosas necesidades económico-productivas, se faga un sitio no mundo nos atribulados tempos da globalización e da internacionalización.

Debe ser este un referente posible para o consenso presente ou futuro entre as principais forzas políticas do país, pero, en todo caso, constitúe xa o

marco imperativo e idóneo de actuación para unha Comisión de acción exterior en sede parlamentaria que ademais de fiscalizar o labor do executivo galego debe afondar na definición e vertebración das liñas estratéxicas da nosa diplomacia, algo que a estas alturas do proceso nin pode nin debe ser obxecto de improvisación nen de rupturas radicais. A todos nos compre unha aprendizaxe e un esforzo integrador dos diferentes matices que sen embargo dificilmente cuestionarán as propias orientacións xerais e estratéxicas que define este Programa cuatrienal de acción exterior que dende o IGADI aplaudimos sen acritude e non por iso renunciando á sana crítica.

As relacións exteriores da Segunda República española

Bernardo Máiz Vázquez

Nos abondosos estudos que hai publicados sobre o tempo que nos ocupa a penas Gil e Viñas analizan a República española no contexto internacional, cando o “exterior” a España non foi alleo ao sucedido no interior. Seguindo a Martínez Cuadrado comprobamos que trala perda das colonias do alénmar, os gobernos da monarquía pouco tempo e menos esforzos adicaron ao que non fora a situación crispada de Marrocos, mesmo ignorando a Portugal.

A neutralidade na Primeira Guerra Mundial debería ter permitido a España ser protagonista na Sociedade de Nacións, pero o illacionismo de Primo de Rivera coincidiu no tempo coa emerxencia en Europa de varios reximes autoritarios e do chauvinismo en Francia, de conflitos sociais na Gran Bretaña, a ascensión de Stalin...

Para o período 1931-36 foi Luis Araquistain quen escribiu en 1938 “La República no tenía política exterior”, e Viñas afirma que “obsesionada por sus problemas internos, la República no había desplegado una política exterior demasiado activa... la colaboración con Francia e Inglaterra y el apoyo al sistema de la Sociedad de Naciones no habían llevado a apuntalar la posición propia con acuerdos con otros países”. A esquerda e a dereita eran claramente perceptibles actitudes políticas e sociais certamente miméticas coas doutros lugares.

O modelo autoritario

En Portugal, o xeneral Carmona, o comandante Cabeçadas e o civil Sinesel deran un golpe de estado no ano 1926 –non moi lonxe do “cirujano de hierro” que quixera ser Primo de Rivera tres anos antes–. No 1928 o xeneral Carmona asume a presidencia con Oliveira Salazar de ministro de Finanzas e ideólogo do “Estado Novo” do 1932 en diante (con seguridade temendo o contaxio das ideas de progreso propias da nosa Segunda República, e –segundo Gil Pecharromán– unha absorción iberista e federal; Óscar Carmona viñera visitar a Primo de Rivera no 1929, en Portugal se exiliaron –entre outros– Calvo Sotelo no 1931 e Sanjurjo no 1932).

O modelo portugués foi corporativo nas relacións laborais, autoritario e de partido único (Union Nacional) no político, cunha pintoresca mística de xuventude e milicias parafascistas –a Mocidade e a Legião respectivamente–, unha forte catolicidade e componentes tanto paternalistas como policiaicos.

Do 1934 ao 1936 Portugal mantivo boas relacións coa República española, mesmo reclamando a deportación dos exiliados portugueses que eíquí atoparan refuxio. É coñecido o papel principal da ditadura portuguesa na sublevación de xullo de 1936, que os demócratas alí refuxiados eran entregados pola Pide para ser fusilados en Tui, que os Viriatos (o daquela capitán Spinola entre eles) combatiron ao pé das tropas de Franco, o Pacto Ibérico, e que en Portugal montou casa o aspirante Juan de Borbón.

En Italia, a pírrica posición de vencedora na Primeira Guerra Mundial dera paso á frustración e á radicalización: se a imitación dos soviets se produciron ocupacións de fábricas e fincas, os violentos Arditi atoparon en intelectuais como Marinetti e D'Annunzio unha bagaxe “literaria”, mestura de nacionalismo, populismo, cesarismo e moi vacuas ideas de socialización. Mussolini soubo agrupar ao seu redor tales colectivos, usar dos medos das clases medias e do interese do capital (industriais e financeiros alimentaron ao Fascio dende 1920): despois da marcha sobre Roma de 1922, a lei electoral de 1924 deulles o control do Parlamento. No 1926 ficaron abolidas todas as garantías democráticas e dende esas datas a parafernalia fascista e a xerarquía, os mitos e as camisas negras, os balillas..., en resumo o estado corporativo e totalitario co Duce no cumio.

Empeñado en construír un imperio, Mussolini invadiu Abisinia no 1932 coa total e absoluta ineficacia das condenas internacionais. Para o referido ás relacións italo-españolas debemos anotar a viaxe de Primo de Rivera en 1926 (coa firma dun tratado “mediterráneo” que caducaba e que a República rompeu) e os desexos de acadar o control do Mediterráneo; creado o “eje italo-alemán”, afirma Ariquistain que “a Hitler y Mussolini no les daba inquietud verdaderamente el régimen interior de la España republicana sino su política exterior”, temendo unha posible alianza franco-española semellante ao pacto fraco-soviético de 1935. Sabemos que cando no 1936 ían artellando en España a conspiración contra da República, armas e cartos italianos proveían aos golpistas e ven ao fío recordar a axuda militar e diplomática mussoliniana ao bando sublevado.

Na Alemaña esmagada polo Tratado de Versalles, o NSDAP de Hitler soubera recoller do 1923 en diante os sentimentos ofendidos polas ocupacións territoriais, mesturalo cun certo radicalismo social e (fortamente subvencionado polo gran capital) usar dunha habilidade propagandística cargada de demagogia e populismo xermánico, dun carácter aparentemente interclasista –o volk alemán por riba de calquer outra clasificación– que atraíu ás clases medias. A crise económica de 1929 foi o mellor caldo de cultivo do NSDAP, votado por aqueles que querían a “rexeneración” de Alemaña.

Contra 1932 o Partido nazi ten unha forte presenza parlamentaria e no 1933 Hindenburg nomea a Hitler xefe de goberno: comeza a nova orde que ten como terceira etapa a creación do III Reich con Hitler como o seu Führer,

a suspensión das garantías constitucionais, o rearme, o totalitarismo, os mitos xermánicos, as SS, a Gestapo, o control dos sindicatos, as formulacións racistas e do anchluss panalemán, o “eje” con Italia, a ocupación de Renania en marzo de 1936... e como no italiano as democracias non actuaban. A República española só tiña relacións formais coa Alemaña hitleriana e moitos conspiradores españoles admiraban aquel modelo que tanto os axudou antes do Alzamento, durante a guerra civil e despois.

“El temor del sistema germano-italiano era que en caso de guerra fuéramos en apoyo de Francia y de Rusia” (Luis Ariquístain).

O modelo parlamentario

Na Francia vencedora da Primeira Guerra Mundial a débeda era meirande que o chauvinismo antialemán; o interese pola expansión diplomática cara Polonia, Romenia ou Checoslovaquia era común á dereita e á esquerda (Poncaré, Dadalier, Herriot, Laval...), mantendo relacións con Primo de Rivera case só para a cuestión marroquí; a Action Française de Maurras tiña dende 1926 conexións co fascismo italiano; proclamada a República un Calvo Sotelo exiliado observaba dende Francia. Para o goberno español a visita de Herriot no 1932 era a do Presidente dun país a imitar nos mecanismos políticos, pero Araquístain cría que “Francia temió siempre nuestra presencia en Marruecos y una posible aproximación a Alemania... Estaba resentida por nuestra neutralidad en la Gran Guerra”. No 1934 socialistas e comunistas firmaron unha unión electoral e a Front Populaire no 1935 deu o goberno a Leon Blum en maio de 1936. Comezada a guerra civil, a Francia amiga da República foi contemporizando e se colocou no ronsel e a remolque de Gran Bretaña.

En Inglaterra a década dos vinte foi de quebra do sistema social e político victoriano; amáis do “caso irlandés”, as Trade Unions prantexaban esixencias que o conservador Baldwin reprimiu; dende o 1929 o goberno laborista de Macdonald sufriu a crise, a caída da libra, o pánico social e –con aglaio– o nacemento do National Front de Mosley.

Dinos Araquístain que “Inglaterra nunca tuvo simpatías a la República por su aristocraticismo y nuestro antimonarquismo”, engadindo que “Inglaterra siempre quiso una España débil ante el tema de Gibraltar, por sus intereses africanos y su influencia en Portugal”. Con Baldwin de novo no goberno no 1935 e Chamberlain na política exterior, ao trunfo da Fronte Popular en España pesaron máis os pactos británicos con Italia.

Sirva como resume outra cita de Luis Araquístain: “las democracias europeas no se dieron cuenta cabal de la importancia que para ellos tenía la defensa en España de la legalidad democrática”.

O modelo soviético

A revolución rusa de 1917 e as noticias dos cambios radicais, dos novos esquemas nas relacións socioeconómicas e de poder político que alí se estaban a producir, afectaron fondamente ás organizacións de esquerda. Do 1919 en diante dende Moscú a III Internacional chamaba á organización de Partidos Comunistas no resto do mundo, e se o Komintern –dende 1923– ordeaba pospor as revolucións nacionais para consolidar a soviética, o coñecemento das realizacións constitucionais e dos avances económicos e sociais, e o progresivo recoñecemento internacional (“Occidente” quería contar con Rusia diante da ascensión dos fascismos, no 1934 a URSS entra na Sociedade das Nacións, no 1935 firma tratados con Francia e Checoslovaquia), prestixiaron á URSS, estenderon a admiración e o efecto mimético. No 1932 a URSS e a Segunda República estableceron relacións diplomáticas, pero ata o 1936 non se abriu embaixada en Madrid, en coincidencia coa agresividade fascista e a perceptible crise das democracias, motivo (xa antes da constitución da Kominform) de que en varios países os partidos de esquerda andaran a artellar alianzas electorais que no 1935-36 deron paso aos Frentes Populares. Cando a guerra civil foi a URSS quen máis emborcou a favor da República.

Como resume e segundo Gil, sendo España unha potencia de segunda orde, do 1931 ao 1934 a República se manifestou pola neutralidade e con francofilia; do 1934 ao 1936 coa CEDA se produciu unha aproximación a Italia e Gran Bretaña, sempre na neutralidade; coa Frente Popular non houbo tempo a variar as relacións internacionais. Para outra entrega fican enunciadas preguntas e elucubracións: ¿Que tomaron das democracias parlamentarias os políticos republicanos de signo burgués? ¿Como influíron os trunfantes fascismos italiano ou nazi alemán, o Estado novo portugués, nas ideas e na praxis da CEDA e das JAP, de RE/BN, das JONS e da Falange? ¿Que República querían os sindicatos e os partidos obreiros? ¿Era posible o normal desenvolvemento democrático naquela Europa? ¿Como afectou a coxuntura internacional á economía, á sociedade republicanas? ¿O trunfo dos sublevados no 1936 sería posible nun outro contexto internacional?...

Bernardo Máiz Vázquez é socio colaborador do IGADI.

Sáhara: Unha luz no deserto

Fran Alonso

Se hai algo que caracteriza o conflito do Sáhara desde os seus inicios ata hoxe é, sen dúbida, a falta de información e de análise política nos medios de comunicación. Resulta evidente que nos últimos anos se produciu un notable incremento da información sobre o Sáhara, acompañado e/ou provocado por un importante aumento da sensibilización popular con respecto á causa saharauí. Sen embargo cómpre subliñar que esa información se centra sistematicamente nos aspectos humanitarios –nunca políticos– do conflito. Trátase dunha información que adoita xerarse nas ONGs, nas Asociacións de Amigos do Sáhara e nas campañas humanitarias artelladas por organismos privados ou institucións locais.

O primeiro que descubre calquera observador que viaxe ós campamentos de refuxiados é a presenza de medios de comunicación locais e “autónómicos” fronte á ausencia dos grandes medios estatais (parámetros que poden ser extrapolados ó marco da Unión Europea). Outro factor que confirma este feito é que toda a información que se orixina con respecto ó conflito do Sáhara procede sempre dos campamentos de refuxiados e nunca das zonas ocupadas polo exército marroquí, sobre as que levita unha mesta neboa informativa que silencia sistematicamente todo o que alí acontece.

Atendendo a estas cuestións, o conflito saharauí estivo e está condenado a un considerable silencio, silencio que se viu reforzado pola escasa relevancia que ata o de agora o problema representou para a Comunidade Internacional, o que viña desaugando nun *laissez faire* de complicidade con respecto a Marrocos, tradicional e emblemático aliado de Occidente. Ás veces, esa complicidade traducíase en importantes axudas ó reino alauíta. Lembremos, por exemplo, a construción dos 2.500 quilómetros de muros defensivos no deserto saharauí, que foron erguidos por Hassan II co apoio económico e militar da administración Reagan e mailo asesoramento do goberno israelí.

Sen embargo, nos últimos anos a situación ten mudado notablemente. Eses cambios non só se poden observar na actitude de países como os Estados Unidos e no cambiante papel que Marrocos desempeña para a Comunidade Internacional senón tamén no propio comportamento de Nacións Unidas, que reflicte, en boa medida, as actitudes deses países pero tamén a súa propia crise e configuración interna.

Se ben foi o propio secretario xeral da ONU, o peruano Javier Pérez de Cuéllar, quen logrou establecer e asinar en 1991 un esperanzador Plan de Paz para o Sáhara que tiña como finalidade a realización dun referendo sobre a independencia do territorio en base ó censo español de 1974 (arredor de 75.000 persoas), non é menos certo que foi el mesmo quen axiña cedeu ás

pretensións marroquís de introducir 17.000 novos posibles votantes de dubidosa lexitimidade. En efecto, Pérez de Cuellar aposta polos criterios marroquís no informe que lle presenta ó Consello de Seguridade o 21 de decembro de 1991. O seu informe, sen embargo, non é aprobado polo Consello, o que constitúe unha decisión sen precedentes na historia da ONU. Máis tarde, a principios de 1993, cando a Secretaría Xeral era ocupada xa polo exipcio Butros Ghali, sobre Pérez de Cuéllar recaerían sospeitas de suborno ó informar unha axencia de noticias francesa acerca do seu nomeamento como vicepresidente dunha filial do consorcio marroquí ONA, vencellada á familia de Hassan II. Este nomeamento nunca chegou a facerse efectivo pero deitou unha razoable sombra de dúbida sobre o ex-secretario xeral.

A pesar do escándalo, Butros Ghali –novo secretario xeral da ONU gracias, en parte, ás presións francesas– asume as propostas do seu antecesor nun novo informe que o Consello de Seguridade volve rexeitar.

Durante eses anos, sobre a propia MINURSO (Misión de Nacións Unidas para o Referendo no Sáhara Occidental) tamén recaerían graves sospeitas de inoperatividade, negligencia e complicidade coas autoridades marroquís.

As irregularidades teñen xa os seus primeiros síntomas na dimisión de Johannes Manz, representante especial da ONU na zona, alegando que “os marroquís non colaboran como se esperaba”. En 1994, cando a realización do referendo sobre a independencia do Sáhara, previsto inicialmente para 1992, aínda semella lonxe, o secretario xeral da ONU formula a posibilidade de abandonar o Plan de Paz. Logo de sucesivos aprazamentos, a finais de 1995 Butros Ghali volve presentar outra proposta ao Consello de Seguridade que apoia as pretensións marroquís, pero tampouco resulta aprobada. En novembro, a identificación de votantes suspéndese definitivamente tras retirarse a Fronte Polisario como medida de presión pola ineficacia da ONU. Comeza un retroceso que se fai patente cando, en maio, Butros Ghali propón retirar do Sáhara o 20% dos observadores militares. A proposta é aprobada pola ONU e o Plan de Paz queda paralizado.

A pesar das continuas denuncias da parte saharauí, as irregularidades con respecto á actuación de Nacións Unidas no conflito do Sáhara non se fan patentes ata que, en 1995, o ex-embaxador norteamericano Frank Ruddy, que fora segundo de a bordo da MINURSO, denuncia ante o Congreso dos Estados os “humillantes abusos” que as forzas de seguridade marroquís están a levar a cabo contra os saharauís e contra o propio persoal da ONU e compara a situación que se vive nos territorios ocupados co desaparecido réxime de apartheid de Sudáfrica. Ruddy denuncia tamén a complicidade e a covardía dos propios membros da MINURSO fronte as autoridades de Rabat.

Se cadra, a súa intervención foi o detonante dun cambio de actitude de Nacións Unidas que non se materializará ata a chegada de Kofi Annan á Secretaría Xeral en decembro de 1996. Kofi Annán, que elixe unha figura do calibre político de James Baker como o seu representante persoal para o conflito do Sáhara, ato-

pará un contexto moito máis favorable para desbloquear o Plan de Paz, en parte porque a política exterior norteamericana da “era Clinton” adquire, en determinados aspectos, unha orientación máis progresista. A isto únese a vontade dun Secretario Xeral decido a sacar á ONU do desprestixio e da crise económica en que se atopaba sumida, o que prende unha luz de saída para o conflito.

Os Acordos de Houston, que tiveron a Baker por mediador, alcanzáronse no verán de 1997 mediante a negociación directa das partes, e, sobre o papel, representan un compromiso firme para renovación e profundización do Plan de Paz de 1991. A través deles queda establecido o calendario dun Plan de Aplicación e a convocatoria do referendo para o 7 de decembro de 1998. Como consecuencia, en decembro de 1997 reanúdase o proceso de identificación de votantes e, aínda que non deu rematado na data prevista (31/5/98), a súa conclusión, anunciada pola MINURSO o pasado 3 de setembro, pode considerarse xa un primeiro éxito.

Un total de 147.350 persoas pasaron o proceso de identificación de votantes, das que foron admitidas –segundo cifras extraoficiais que aínda non se fixeron públicas– unhas 84.000 persoas, o que aproxima moito a nómina ó censo español de 1974. O maior problema reside agora nos membros de tres tribos (H41, H61 e J51/52), ás que pertencen un total de 65.000 persoas que as autoridades marroquís queren incluír no proceso de identificación de votantes, feito ó que se nega o Polisario. Se ben a ONU tampouco parece inclinada a incluílas no proceso de identificación –do cal se deduce que se trataría máis ben dunha táctica dilatoria por parte de Rabat–, este problema estase a converter a estas alturas no maior escollo do Plan de Paz, polo que a ONU anunciou xa un inminente e novo encontro das partes con James Baker para este mes de outubro a fin de atopar unha saída negociada ó problema.

O contexto político, sen embargo, como xa dixemos, ten mudado notablemente na actualidade e a postura norteamericana non é a mesma que hai algúns anos. Amais dos factores xa citados (crise interna da ONU e o “apertura-rismo” exterior da era Clinton), existen outras circunstancias favorables ós saharauís. En primeiro lugar, o mapa xeopolítico sufriu significativas modificacións desde a fin da Guerra Fría e os Estados Unidos xa non lle temen ó “perigo” que suporía a instauración dun rexime de carácter socialista nun Maghreb onde o principal “rival” a bater é agora o integrista. En canto a estes aspectos, amais de ser a saharauí unha sociedade tradicionalmente tolerante desde o punta de vista relixioso, a Fronte Polisario adoptou na actualidade a economía de mercado na súa Constitución. Tampouco convén esquecer que a República Árabe Saharauí Democrática está apoiada por Alxeria, un país que posúe (fronte a carencia de Marrocos) petróleo e gas natural, o que o fai sumamente atractivo para os intereses norteamericanos. A isto súmase o descrédito diplomático que Hassan II se gañou a pulso nos últimos anos (lembremos que o pacto suscrito por Hassan II con Libia hai algúns anos resultou especialmente humillante para os americanos), os problemas internos do reinado alauíta e a

súa falta de democratización interna. E, por se fose pouco, os Estados Unidos están interesados en contrarrestar a crecente influencia francesa en África. Son factores novos, quizais moitos deles circunstanciais, pero que no momento presente xogan a favor da consolidación dun estado independente para os saharauís nun Maghreb precisado de estabilización.

É certo que o Plan de Arreglo vai retrasado con respecto ás datas acordadas en Houston e que o referendo sufrirá un novo e quizais considerable retraso; é certo que a estratexia do réxime alauíta camiña dentro desa política de aprazamentos e teima en obstaculizar o Plan de Paz ; é certo que a poboación das zonas ocupadas sigue sometida á falta de liberdade de expresión e movemento e á represión sistemática; é certo que mesmo despois da sinatura dos Acordos de Houston non están claras as intencións marroquís, como se pode observar nos documentos confidenciais do ministro do Interior, Driss Basri, mediante os que daba indicacións a tódolos gobernadores de como adestrar e “clonar” saharauís capaces de pasar o proceso de identificación; é certo que certas diplomacias occidentais se mostraron escépticas ante o vindeiro encontro de outubro das partes con Baker; pero tampouco é menos certo que as circunstancias nunca foron tan favorables á resolución do conflito e nunca a ONU se xogaba tanto o seu prestixio e a súa imaxe como nestes momentos; e tampouco é menos certo que non semella haber moitas outras saídas ante un conflito que non vai desaparecer mentres a poboación refuxiada continúe en Tinduf, poboación que demostrou ó longo de vintetrés anos que é capaz de esperar sen desfalecer, e exhibir ó tempo un envexable modelo de autoxestión e organización nos seus campamentos de refuxiados.

En todo caso, parece probable que o novo contexto vai influír positivamente nunha resolución máis ou menos próxima. O ex-secretario de estado Baker parece decidido a que no Sáhara se xogue limpo e xa lle advertiu ó monarca alauíta que de non haber referendo a única solución sería a volta á guerra. Unha guerra que pouco favorecería a Marrocos, porque as cousas non serían xa coma antes e Hassan II podería verse abandonado por algúns dos seus tradicionais aliados.

Mesmo na improbable posibilidade de que fracasase o encontro de Baker coas partes e mesmo de que o propio Plan de Paz fracasase, a volta á guerra resulta utópica. De ser así, os saharauís optarían, de seguro, por unha ofensiva rápida, breve e sumamente intensa que colocaría o conflito en primeiro plano da actualidade e poñería nunha posición internacional comprometida a Hassan II (e o que é peor, á propia diplomacia norteamericana). Así as cousas, desde calquera punto de vista, nunca a consolidación da República Árabe Saharauí Democrática estivo tan próxima como o está agora.

Fran Alonso é socio colaborador do IGADI e autor de “Territorio ocupado”.

Brasil na boca do inferno

Laudelino Pellitero

O pechado aplauso dos membros do FMI cando recibiron os primeiros resultados das eleccións do 4 de outubro do 98 era unha mostra inequívoca do alivio que sentiron ao comprobar que Brasil non se ía embarcar en aventuras políticas que dificultasen a libre circulación de capitais e a progresiva apertura do mercado. Non se trataba dun país intrascendente, senón do país que lidera o MERCOSUR, onde a súa economía representa o 70 por cento do volume global do bloque, e tamén dun dos artífices, xunto con Argentina, da integración económica sudamericana.

Baixo a óptica de Michael Candessus, Fernando Henrique Cardoso (FH) era o único candidato en condicións de pór en marcha un conxunto de medidas drásticas e necesarias, dolorosas e inevitables para afrontar a crise financeira e económica, na que Brasil figura no punto de mira dos observadores da economía global, por atoparse na boca do precipicio que conduce directamente ao inferno da recesión.

O reelixido presidente pensa aplicar medidas, de importante calado, en carne viva e sen anestesia, coma a Reforma Fiscal e unha contundente redución nos gastos públicos para minguar o enorme déficit do oito por cento do PIB, (uns 72 billóns de pesetas), que abafa ao país para tentar situalo, a comezos do ano 2001, no 2,5%.

Para levar á economía brasileira no camiño da recuperación en dous ou tres escasos anos, FH tamén proxecta incrementar a presión fiscal, coa introducción de novos impostos coma o IVE ou as cotizacións pola Seguridade Social. Se non se aparta deste férreo camiño, recibirá unha inxección, a xeito de préstamo do FMI, por un importe de 3,6 billóns de pesetas en concepto de asistencia financeira preventiva, que, de seguro, lle fará esquecer a única veleidade heterodoxa que aínda se permite, ao mostrar simpatía por aplicar a bautizada Taxa Tobin, que na súa versión local recibe o nome de Imposto sobre Operacións Financeiras (IOF), co que pretende impedir a fácil mobilidade dos fluxos especulativos de capital, ao gravar cunha pequena taxa os movementos de financeiros, para evitar a súa volatilidade. Brasil, coma outros países non desenvolvidos, lembramos o “Efecto Tequila” no 94-95 en México, paga con custosos axustes os frecuentes e imprevistos desequilibrios da economía globalizada.

Se as previsións presidenciais se cumpren e as estatísticas se endereitan, o Brasil volverá estar nos altares da economía global, pero as receitas que hai que aplicar agrandarán as diferencias sociais dunha sociedade xa fracturada pola desigualdade, na que o 28% da poboación vive instalada na pobreza.

A Fernando Henrique Cardoso, quen evolucionara dende posicións filomarxistas ata posicións máis concordantes coas directrices do FMI, e quen conseguira reducir de xeito máxico a inflación dende o infinito do 5.000 por cento ata o 6 por cento, seralle imposible cumprir, neste novo contexto de crise, a súa ilusionante promesa electoral de rematar co paro, do mesmo xeito que derrubara a inflación.

Na reforzada oposición –en difícil transo de unificación–, un tenaz e incombustible Luiz Inacio Lula da Silva, derrotado por terceira vez, ve en Cardoso un atado presidente que se limita a seguir as directrices do FMI que contan cos parabéns do G-7. Mentres, agarda con impaciencia as eleccións municipais do 2000, sabedor que o movemento de esquerdas está deixando de cingirse a ser o denunciante das inxustizas e o defensor dos pobres e dos excluídos para tocar o poder en máis e poderosos Estados e para converterse nunha futura opción de goberno. Mais Lula, coma a maioría dos que se atreven a atravesar o limiar do pensamento único, está atrapado nunha difícil encrucillada: se propón reformas axustadas e acordes ao actual modelo, poden ser viables pero son de pouco calado; se, pola contra, presenta propostas programáticas de fondo, van estar illadas e van ser descualificadas por pouco reflexivas ou utópicas.

Sen chegar a deslexitimar o proceso electoral, Lula lamenta amargamente a desigual contenda na que FH gozou do manifesto apoio dos grandes grupos de comunicación e dos institutos de opinión, fornecedores de constantes enquisas infladas do lado dos partidos gobernamentais, e aos que considera cómplices de agochar ao país a grande magnitude da actual crise.

A locomotora da economía iberoamericana, e fundadora en 1991, polo Tratado da Asunción, de MERCOSUR, precisa amplas ventás para respirar neste pechado edificio de arquitectura neoliberal en estado puro, que é este Mercado Común do Sul de América, no que toda intervención pública está excluída, ao contrario do que sucede noutros bloques económicos coma en Xapón ou mesmo na Unión Europea, na que os fondos estruturais amortecen o impacto económico nas zonas menos desenvolvidas ou nos sectores en reconversión.

Os que padecen a pobreza e as desigualdades non deben quedar sen protección social fronte ao que dispoña un mercado no que só se xoga a dúas bandas: vencedores e vencidos. Cardoso deberá prestar especial atención a estas capas, tanto por razóns de xustiza social coma por razóns de pragmatismo, xa que son o caldo de cultivo ideal para o estoupido da violencia e da inestabilidade social da que os fluxos de capitais foxen precipitadamente.

Laudelino Pellitero é membro do IGADI.

Mudanzas na Alemaña

Xulio Ríos

As enquisas non foron derrotadas, tal e como acontecera nos comicios de 1994. Desta vez, o Partido Socialdemócrata Alemán (SPD) infrinxía a máis severa derrota da posguerra ós democristiáns de Helmut Kohl. O retroceso do SPD nos comicios rexionais de Baviera, a só dúas semanas das eleccións, alentara nos partidarios de quen iniciara a súa carreira política no land de Renania-Palatinado, a esperanza dunha nova sorpresa e mesmo abría serias interrogantes sobre a contundencia da victoria de Gerhard Schröder. Pero un 40,9% fronte a un 35,2% non deixa lugar a dúbidas. Helmut Kohl, o artífice da unificación alemana, xa é historia. O desexo de cambio da maior parte do electorado e o esgotamento, tras 16 anos de goberno, do proxecto político da coalición CDU/CSU, abren unha nova etapa na Alemaña que transita cara un novo milenio.

Ao pouco de coñecerse os resultados oficiais, Schröder descartou a posibilidade dunha coalición dos dous grandes partidos, adiantando, de común acordo con Lafontaine, a proposta dunha alianza cos Verdes de Joschka Fischer (6,7%) sobre a base da elaboración dun programa de goberno “razonable”. Durante a campaña electoral especularase sobre a conveniencia de establecer unha gran coalición CDU/SCU-SPD se ningún dos dous grandes partidos acadaba unha maioría suficiente.

Numerosas voces de grande influencia (co apoio explícito da poderosa gran patronal) apostaban por esta posibilidade, se ben moitos outros recoñecían que dificilmente Alemaña podería saír da parálise e despegar cun goberno de excepción e tan feble a pesar de que, indudablemente, contaría cun amplo e sólido respaldo parlamentario. Unha experiencia similar levada a cabo no estado de Mecklenburgo-Pomerania non satisfizo a ninguén e conduciu á total inactividade da acción pública. O desbotamento desa alianza contra-natura ven a reforzar unha vez máis o protagonismo dos pequenos partidos que, de novo, incrementando sensiblemente a súa capacidade de actuación, asestan un duro revés ós empeñados en consolidar o bipartidismo.

¿É posible un acordo estable entre socialdemócratas e verdes? Todo parece indicar que así é. Se a victoria do SPD descansa en boa medida nun progresivo achegamento a posicións centristas, os ecoloxistas levan tempo esforzándose por dar unha imaxe moderada e responsable. É previsible que un tal relevo na chancelería non afecte ó posicionamento xermano nos grandes temas da política europea e internacional, se ben ambos os dous defraudarían de non aportar novas ideas en materia de emprego, políticas enérxeticas, militares, medio ambiente, etc. Ó igual que o FDP (liberais), os Verdes experimen-

taron un lixeiro retroceso, a penas unhas décimas, con respecto ás eleccións de 1994. Deste xeito, as condicións a establecer para entrar no goberno e acentuar unha certa orientación social da súa política son debedoras inevitables do realismo. A extrema dereita dos Republikaner quedouse fora.

Pero xunto a Schröder, o gran vencedor destes comicios foi, sen dúbida, Gregor Gysi e o seu Partido do Socialismo Democrático (PDS). Os neocomunistas resultaron a forza maioritaria en catro estados do leste e conservaron os tres escanos directos que xa detentaban (2 en Berlín-Este e 1 en Mecklenburgo-Pomerania). En Berlín, pese ós intentos de criminalización da súa actividade política, Gysi recibía un 26 por cento máis de votos que Schröder.

Non fixeron mella no electorado as acusacións de confidente da policía política (Stasi) da antiga Alemaña comunista contidas nun informe da comisión sobre inmunidade parlamentaria do Bundestag e confirmadas en xullo pola sala segunda do Tribunal Constitucional (por catro votos fronte a catro). Pero o máis importante é que a agrupación liderada por este marxista e reformista acadou algo máis do 40% dos seus votos na Alemaña occidental. Nalgúns estados, o SPD deberá contar cos seus votos para poder gobernar (a primeira proba será en Mecklenburgo-Pomerania). Oskar Lafontaine, presidente do Partido, a diferenza de Schröder, non teme a unha aproximación que foi esgrimida durante a campaña polos democratacristiáns como acusación de propósitos colaboracionistas. Pero non pode ignorarse que no partido de Gysi mesmo abundan as vítimas políticas do Estado-Partido da extinta RDA.

Así pois, á vista dos resultados electorais, case dez anos despois da caída do muro, imponse unha especie de punto e final do afastamento dos ex-comunistas do PDS, un cambio de actitude dos grandes partidos a respecto dunha formación que nestes comicios conseguía, contra todo prognóstico, asentarse firmemente no escenario político. A fin da era Kohl non será tal de non pecharse algunhas feridas que non poden permanecer indefinidamente abertas.

O PDS deixou de ser un partido marxinal, o partido dos Osis, un fenómeno transitorio, dicían algúns, concibido unicamente para manter a cohesión dos restos da vella nomenklatura da ex-RDA. O PDS convertiuse nunha forza política máis do arco parlamentario. Desta vez, entrarán no Bundestag pola porta grande.

Xulio Ríos é director do IGADI.